

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA
O DÍA 04 DE DECEMBRO DO 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑOZ MUÑOZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	---

No Salón de Sesiós da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Catro de Decembro do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 2 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 27/11/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21164 04.09.2025 POZA DE BAR S.L., reforma de vivenda, (acabados e instalación sin cambio de distribución), no lugar de Areeiros, 36, Castiñeiras, (2025 COMU000448).



3.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20515 25.10.2022 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., realizar unha rede de baixa tensión subterránea de 9 m. para proporcionar subministro eléctrico para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Atalaia, Corrubedo, (2022 COMU000508).

4.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20671 27.10.2022 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., realizar unha rede de baixa tensión subterránea de 7 m. para proporcionar subministro eléctrico para unha vivenda unifamiliar, situada na rúa do Norte, Palmeira, (2022 COMU000511).

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19121 05.10.2022 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., rede de baixa tensión subterránea de 9 m. para proporcionar subministro eléctrico para unha vivenda unifamiliar situada en Gándara, Oleiros, (2022 COMU000264).

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

18427 26.09.2022 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., rede de baixa tensión subterránea de 24 m. para proporcionar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar situada en Gándara, Artes, (2022 COMU000468).

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a



seguinte relación:

18429 26.09.2022 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., realizar unha rede de baixa tensión subterránea de 110 m. para proporcionar subministro eléctrico para unha vivenda unifamiliar situada en Mourellos, Palmeira, (2022 COMU000469).

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

23072 24.09.2025 COMUNIDAD PROPIETARIOS MARIÑO RIVERA, 14, restauración de terraza, muretes e fachada no ático do edificio, na rúa Mariño de Rivera, 14, Ribeira, (2025 COMU000481).

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22124 16.09.2025 JULIO SANTIAGO PÉREZ, traballos de mantemento de garaxe, na rúa Número 6, Corrubedo, (2025 COMU000483).

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

27318 13.11.2025 VENTO REDE S.L., instalación de tres postes para proporcionar o servizo de fibra óptica no lugar de Gándara, Artes, (2025 COMU000567).

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (10)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

27319 13.11.2025 VENTO REDE S.L., instalación de seis postes para proporcionar o servizo de fibra óptica na rúa Cobas, Castiñeiras, (2025 COMU000566).



12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (11)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

23320 26.09.2025 CARLOS GÓMEZ TEIJEIRO, ampliación porta do baño, na rúa Rio Mar, nº 23, Castiñeiras, (2025 COMU000486).

13.- LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL. LOCALIZACIÓN: LUGAR SALMON, POLÍGONO 840 PARCELA 528, GANDARAS. 15993 RIBEIRA, A CORUÑA. PROMOTORA: KUENEN ELISABETH HELENA EMILIE.

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **REHABILITACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL**, da que é promotora **KUENEN ELISABETH HELENA EMILIE, NO LUGAR DE SALMON, Polígono 840 Parcela 528 , GANDARAS. 15993 RIBEIRA, A CORUÑA.**

VISTO o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal con data **11 de novembro de 2025**

VISTO o informe emitido polo secretario xeral da Corporación con data **17 de novembro de 2025.**

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **KUENEN ELISABETH HELENA EMILIE** licenza urbanística (**Nº 60/25**) para **REHABILITACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL**, da que é promotora, **NO LUGAR DE SALMON Polígono 840 Parcela 528 , GANDARAS. 15993 RIBEIRA, A CORUÑA:**

*-Previo ao inicio das obras deberase contar coa aprobación municipal do **proxecto de execución** que desenvolva o proxecto básico de referencia. No dito proxecto de execución comprobarase que se xustifican todas as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade segundo require o art.349 do RLSG.*

*-Deberá depositar una **fianza por importe de 876,76 €** para responder polos servizos urbanísticos a completar pola **REHABILITACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL.***

SEGUNDO.- Deberá respetar íntegramente as condicións e medidas establecidas polo arquitecto municipal no seu informe de data 11 de novembro de 2025.

TERCEIRO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

CUARTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.



QUINTO.- Logo de rematar a obra, interesado deberá presentar **COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN** segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscales y administrativas que modifica a LSG, así como **COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE** segundo o disposto polo artigo 9 do Decreto 144/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos así como polo artigo 364.2 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia coa seguinte documentación:

- Certificado Final de Obra co preceptivo visado colexial.
- Acta de recepción de obra terminada.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Informe acústico de medicións de conformidade co previsto no Decreto 106/2015, de 9 de xullo.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias dos servizos.
- RCDs: documentación que acredite que os RCDs realmente producidos na obra foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado**

SEXTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participase a data da súa iniciación.



- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a dar traslado á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA xa que mediante CONVENIO DE ADHESIÓN ten atribuídas o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística

DÉCIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade



segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

14.- LICENZA DE OBRA PARA AMPLIACIÓN DE TERRAZA NA SEDE SOCIAL CLUB NAÚTICO DE RIBEIRA. SITUACIÓN: PORTO DEPORTIVO DE RIBEIRA. PROMOTOR: CLUB NAÚTICO DEPORTIVO DE RIBEIRA

VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada pola entidade **CLUB NAÚTICO DEPORTIVO DE RIBEIRA**, para **AMPLIACIÓN DE TERRAZA NA SEDE SOCIAL**, no **PORTO DEPORTIVO DE RIBEIRA**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes** emitidos polo **arquitecto municipal en data 23 de outubro de 2025** e o **secretario xeral da Corporación** de data **24 de outubro de 2025**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- **CONCEDER** licenza urbanística (Nº 61/25) á entidade **CLUB NAÚTICO DEPORTIVO DE RIBEIRA**, para **AMPLIACIÓN DE TERRAZA NA SEDE SOCIAL**, no **PORTO DEPORTIVO DE RIBEIRA**.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*



- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

CUARTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SETIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.



- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

NOVENO:- En canto ó **exercizo da actividade económica** de conformidade co disposto no **artigo 9 e 12 do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado por Decreto 144/2016, de 22 de setembro**, concorren os requisitos establecidos para o exercicio da actividade que se dispón a iniciar, posúe a documentación que así o acredita, e comprométese a manter o seu cumprimento durante todo o período de tempo que dure o exercicio da actividade.

En consecuencia, ao abeiro do **artigo 69 da Lei 39/2015**, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, permitírase o exercicio da actividade económica **desde o día da súa presentación**, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as Administracións Públicas.

15.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Isabel Armental Pérez

Visto o escrito presentado por **Isabel Armental Pérez**, de data 15/10/2025 (Rexistro de entrada nº 24.920), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 001607100NH01A0001PT, situada en Lugar de Martín, 75, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 27/11/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: ARMENTAL PEREZ ISABEL

NIF: ***585***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: LG MARTIN 75 - RIBEIRA.

Ref. Catastral: 001607100NH01A0001PT

Plano do PXOM: Planos nº 8.32 e 2.12 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0507 do PBA.

Plano do INVENTARIO: Planos nº 3.4 e 13 do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do 26 de febreiro de 2018.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 15.10.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: ENTRADA: 202524920), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

-Solicitude do interesado

-Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 04/12/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/12/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/12/2025 18:17:28

DOCUMENTO: 20251697502

Fecha: 04/12/2025

Hora: 18:17



- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05. INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01. Réxime urbanístico:

A parcela para a que solicita información atópanse en solo de Núcleo Rural.

Ambas as parcelas consultadas atópanse en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Núcleo Rural correspondente coa Ordenanza A, Norma do solo de núcleo rural en áreas consolidadas. SNR-A**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 c) da LSG, ao solo incluído nos ámbitos de núcleos rurais o nas delimitacións. Do solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia e tolerancia, aplicásele integramente o disposto no planeamento respectivo, salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 da presente lei.

05.02. Réxime de cesións o inventario:

Segun o establecido para o Solo de Núcleo Rural na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, artigo 24 e 36 correspondentemente.

Artigo 36 do RLGS....2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar totalmente as existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización da vía necesaria (artigo 24.2 da LSG).

3. No caso de construción de edificios de nova construción ou cambio de uso dos existentes ou rehabilitación integral, tamén terán que realizar pola súa conta a conexión cos servizos existentes no núcleo (artigo 24.3 da LSG).....

- Segun o PXOM e o inventario o acceso a parcela e atreves dunha vía pública.

Comprobase que a parcela linda cos viais públicos do inventario. Polo tanto segun o artigo 36, nos supostos anteriormente citados é obrigatorio Ceder o terreo fora das alienacións

05.03. Réxime de autorizacións informe sectoriais:

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- NON PRESENTA AFECIONS SECTORIAIS.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 133: Norma del suelo de núcleo rural consolidado. S.N.R.A.

Definición. Norma zonal S.N.R-A

Comprende esta ordenanza las áreas de suelo más consolidado de las aldeas y lugares de origen agrario y morfología definida que constituyen la base de la trama rural.

Ámbito

El ámbito está definido en los planos de ordenación de los distintos núcleos.

El objeto fundamental de esta ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

Obras admisibles

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 04/12/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/12/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/12/2025 18:17:28



Serán obras preferentes las de:

- Conservación
- Consolidación
- Rehabilitación

- Restauración
- Ampliación
- Obra nueva

Permitiéndose las de reforma y ampliación y en los solares vacantes las de obra nueva.

Los proyectos realizados en los solares en los que exista una edificación antigua, se mantendrán los cerramientos de piedra existentes, huecos de piedra, balcones y galerías de madera y otros elementos comunes a la arquitectura popular.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada y adosada. Se mantendrá el tipo de ocupación no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.

Parámetros de la edificación - Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 200 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie, excepto en aquellos casos de parcelas entre paredes medianeras.

Frente mínimo: será de 8 m. Cuando se trate de un solar entre medianeras consolidadas se permitirá la construcción siempre que el frente sea mayor de 4 m. y se cumplan el resto de las condiciones de edificación.

Condiciones de ocupación

Posición: Se tendrán en cuenta los siguientes criterios:

En áreas consolidadas: las que resultan coherentes con las alineaciones de las edificaciones existentes y del viario regularizado, buscando siempre que sea posible una alineación paralela algún tramo del viario.

En áreas poco consolidadas: la fachada de la edificación que de frente al viario ha de ser, necesariamente, paralela al eje del viario existente o regularizado o de nueva apertura; cuando el viario a que de frente sea curvo, a la cuerda que una los extremos de la parcela en su interior con el borde del viario, y se aplicará la normativa viaria.

No obstante podrán autorizarse excepcionalmente distancias menores en áreas compactas cuando al aplicarse la normativa quedasen fuera de alineación edificaciones existentes y se permita como mínimo una sección viaria de 5 metros.

La edificación podrá ser exenta o adosada, permitiéndose adosar cuando exista medianera vista o si se trata de un proyecto de edificación conjunta o hubiese acuerdo entre lindantes. En los otros casos el retranqueo a linderos debe ser como mínimo de 3 metros.

Ocupación máxima en la parcela: 50 %

Condiciones de edificación

Edificabilidad máxima: 1,25 m²/m²

Altura de la edificación: Número plantas: bajo + una planta y el aprovechamiento bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se admite la planta sótano.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 metros por encima del último forjado.

Elementos arquitectónicos - Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 m. En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos exentos añadidos al cuerpo principal, como galerías y miradores.

Las características y dimensiones de estos elementos serán las definidas en las condiciones



generales de edificación permitiéndose a partir de la primera planta.

Balcones: No se permite sobresalir con balcones sobre los cuerpos volados. En el resto de los casos, se autorizan hasta un vuelo máximo de 60 cm con separación mínima a medianerías de la misma magnitud.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, siendo obligatoriamente de una sola planta y una altura máxima de 3,0 m., computándose su edificabilidad y ocupación a partir de 30 metros.


Cornisas y aleros: El vuelo máximo de aleros y cornisas será de 30 cm.

Condiciones ambientales y estéticas. Los edificios quedarán integrados en la entidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

Se conservarán los muros de piedra de cerramiento, las estructuras portantes y los huecos de piedra, los balcones y galerías tradicionales que pudieran existir.


Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de materiales cuya entidad distorsione la armonía existente o sean de naturaleza extraña al medio, como los cerramientos de bloques sin enfoscar ni pintar que no sean de terminación para ser vistos, o los de ladrillo visto sin arraigo en el medio.

Las carpinterías podrán ser de madera, P.V.C., o de aluminio, pero en este ultimo caso se prohíben los colores metálicos anodizados, debiendo estar lacados de blanco u otro color.




Plano nº 8.34 do PXOM. SÓLO NUCLEO RURAL.






Plano nº 2.12 do PXOM.



Plano nº 0151A-0507 do PBA.



Planos do Inventario Catalogo PXOM





Planos concesionaria de Viacua donde esta as Canalizacións de Auga potable e Saneamento.

16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Clara Campaña Carrillo

Visto o escrito presentado por **María Clara Campaña Carrillo**, de data 27/11/2025 (Registro de entrada nº 28.444), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0624476NH0102S0248BA (LUGAR DE PRAZA OITO DE MARZO, Nº 2, 3º D, 15960- RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 28/11/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0624476NH0102S0248BA (LUGAR DE PRAZA OITO DE MARZO, Nº 2, 3º D, 15960- RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Evaristo Muñiz Vidal

Visto o escrito presentado por **Evaristo Muñiz Vidal**, de data 26/11/2025 (Registro de entrada nº 28.384), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A019013210000KQ (LUGAR DE RÚA COBAS, 7, POLÍGONO 19, PARCELA 1321, AMEIXIDA, 15960- RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 27/11/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A019013210000KQ (LUGAR DE RÚA COBAS, 7, POLÍGONO 19, PARCELA 1321, AMEIXIDA, 15960- RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.



18.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Manuel Piñeiro Martínez

Visto o escrito presentado por **José Manuel Piñeiro Martínez**, de data 25/09/2025 (Registro de entrada nº 23.171), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A001000020000KP, (Lugar de Outeiro, nº 20 B, CP 15969, Artes, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 29/09/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A001000020000KP, (Lugar de Outeiro, nº 20 B, CP 15969, Artes, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Manuela Pérez Gude

Vistos os escritos presentados por **Manuela Pérez Gude**, de datas 24 e 26/11/2025 (Registros de entrada nº 28.128 e 28.367), nos que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 9285304MH9098N0001KY (LUGAR DE RÙA DA PRAIA DA RIBEIRA, Nº 8 AGUIÑO, 15965- RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 28/11/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 9285304MH9098N0001KY (LUGAR DE RÙA DA PRAIA DA RIBEIRA, Nº 8 AGUIÑO, 15965- RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

20.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Urbemed Ingeniería y Paisaje, S.L.

Visto o escrito presentado por **Urbemed Ingeniería y Paisaje, S.L.**, de data 23/05/2025 (Registro de entrada nº 12.935), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A019008300000KQ, situada en Rúa Mosqueiros, nº 34, Castiñeiras, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar pidre Mosquera, de data 20/05/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400012935 do día 23 de maio de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A019008300000KQ, no seu plano 4.13 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2000 coma solo urbano Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM, Ordenanza 6.3.A.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.3.A. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

1.3 Tipoloxías edificatorias



A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

2.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admítese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Peche de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizaran se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.



Cubertas: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. AFECIÓN S SECTORIAIS

A parcela, encóntrase parcialmente, en zona de policía de canles, polo que en caso de levar a cabo calquera actuación deberá solicitar autorización a Augas de Galicia.

6. OBSERVACIÓN S

O camiño ao que da fronte esta parcela, non figura coma camiño público nos Planos de Ordenación do PXOM, polo que deberá verificarse a súa titularidade pública para garantir a súa condición de solar. Non se encontra en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, tal e coma define a ordenanza na súa definición.

21.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Apgrapes, S.L.

Visto o escrito presentado por **Apgrapes, S.L.**, de data 08/10/2025 (Rexistro de entrada nº 24.404), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A019008300000KQ, situada en Rúa Mosqueiros, Castiñeiras, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 19/11/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: APGRAPES SL
NIF: B13848866



02.DATOS DA PARCELA

Localización: RUA MOSQUEIROS S UE LO - CASTIÑEIRAS.

Ref. Catastral: 15074A019008300000KQ

Plano do PXOM: Planos nº 4-13 e 2.13 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0507 do PBA.

Plano do INVENTARIO: Planos do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do 26 de febreiro de 2018.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 08.10.2025, obtén rexistro de entrada (ENTRADA: 202524404), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Solicitude do interesado
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Plano de referencia catastral.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela conxuntamente a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópanse en Solo Urbano Ordenanza 6.3 (tipo A) - Residencial extensiva unifamiliar asilada.

O solo urbano aplicásele integramente o exposto no PXOM para esa norma De conformidade Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) o solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei aplicásele o disposto na mesma para o solo urbano consolidado.

05.02.Réxime de cesións o inventario:

Segun o establecido para o Solo Urbano e de Núcleo Rural na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, artigo 24 e 36 correspondentemente.

Artigo 36 do RLGS....2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar totalmente as existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización da vía necesaria (artigo 24.2 da LSG).

3. No caso de construción de edificios de nova construción ou cambio de uso dos existentes ou rehabilitación integral, tamén terán que realizar pola súa conta a conexión cos servizos existentes no núcleo (artigo 24.3 da LSG)....



No caso que nos compete, comprobase que a parcela linda cos viais públicos do inventario. Polo tanto segun o artigo 36,nos supostos anteriormente citados é obrigatorio Ceder o terreo fora das alienacións

05.03.Réxime de autorizacións informe sectoriais:

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- Autorización de Augas de Galicia, Zona de policía de Augas de Galicia

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

Demolición / Reforma / Ampliación / Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: Tipo A: 500 m². / Tipo B: 1.000 m². / Tipo C: 1.000 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A-B-C: 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m² · Tipo B: 0,4 m²/m² · Tipo C: 0,4 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.



2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una solo planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.


Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.


Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.





Plano nº 4.13 do PXOM. SÓLO URBANO.



Folla 0151A-0507 do PBA



Planos concesionaria de Viaqua onde esta as Canalizacións de Saneamento e Auga.



22.- LICENZA DE SEGREGACIÓN-AGRUPACIÓN DE PARCELAS. PROMOTORA: ANA ARES FERNÁNDEZ. LUGAR: LUGAR DE MARTÍN, RIBEIRA

VISTA a solicitude de **licenza de segregación-agrupación** dunha parcela noutras dúas parcelas presentada por Don Xerardo S. Tarrio Calvo, con NIF 33.293.862-M, en representación de **Dona Ana Ares Fernández**, no **Lugar de Martín, en Ribeira**,

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **29 de outubro de 2025**.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **28 de novembro de 2025**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA e SOLO URBANO RESIDENCIAL EXTENSIVO UNIFAMILIAR ILLADO (6.3.A)**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO:- CONCEDER á Dona Ana Ares Fernández licenza de **segregación-agrupación (Nº 7/25)** dunha parcela noutras dúas parcelas no **Lugar de Martín, en Ribeira**, según proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Don Xerardo Santiago Tarrío Calvo, asinado dixitalmente o 11 de setembro de 2025, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202500021762, o día **11 de setembro de 2025**.

Os parámetros urbanísticos das parcelas incluídas neste proxecto son as seguintes:

Parámetro	PXOM	Parcela Matriz 1	Parcela Matriz 2	Parcela Matriz 3	Parcela Final 1	Parcela Final 2	Parcela Final 3
Ordenanza de Aplicación		SNR-B	SNR-B	SNR-B SRC	SNR-B	SNR-B	SRC
Parcela Mínima	500,00 m ² – SNR-B 2.000,00 m ² - SRC	283,64 m ² ≤ 500,00 m ²	322,02 m ² ≤ 500,00 m ²	528,57 m ² ≥ 500,00 m ² 215,39 m ² ≤ 2.000,00 m ²	558,91 m ² ≥ 500,00 m ²	575,32 m ² ≥ 500,00 m ²	215,39 m ² ≤ 2.000,00 m ²
Uso Característico	Vivenda unifamiliar	-----	-----	-----	-----	-----	-----
Fronte mínimo	8,00 m	Non se indica	Non se indica	Non se indica	20,99 m ≥ 8,00 m	18,63 m ≥ 8,00 m	-----
Ocupación máxima	35% 200 m ² construídos por planta	-----	-----	-----	-----	-----	-----
Recuados	A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou	-----	-----	-----	-----	-----	-----





	acaroadá á parcela contigua se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En calquera caso, trátase de ocultar medianeiras, non creando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.						
Edificabilidade máxima	0,50 m ² /m ²	-----	-----	-----	-----	-----	-----
Altura da edificación	B+1+BC	-----	-----	-----	-----	-----	-----
Altura máxima	6,50 m	-----	-----	-----	-----	-----	-----
Altura de Coroación	4,00 m	-----	-----	-----	-----	-----	-----
Peches de parcela	Só se permitirá o peche con elementos opacos de bo acabado, ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,0 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega poderá chegar aos 1,5 metros de altura máxima.	-----	-----	-----	-----	-----	-----
Construcións auxiliares	Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de	-----	-----	-----	-----	-----	-----



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 04/12/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/12/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/12/2025 18:17:28

DOCUMENTO: 20251697502

Fecha: 04/12/2025

Hora: 18:17

CSV: 07E90019E6DE00Y9Z0C4S0Q9J5



	cornisa de 3,00 m, computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m ² , e non podendo superar os 50 m ² .						
Corpos voados	- Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías e miradoiros.	-----	-----	-----	-----	-----	-----
Cornisas e aleiros	A dimensión máxima do saínte será de 30 cm	-----	-----	-----	-----	-----	-----
Balcóns	Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos autorízanse ata un máximo de 0,60 m, separación mínima a medianeiras da mesma magnitude	-----	-----	-----	-----	-----	-----

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

23.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. AITOR POUSO FRANCO, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 4370GLS OCASIONADOS AO BATER CUNHA FOCHA NA CALZADA. EXPEDIENTE 2024 RESP000046.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Aitor Pouso Franco** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 15 de novembro de 2024, D. Aitor Pouso Franco, con DNI número 53799430S, circulaba no vehículo da súa propiedade, marca Renault, modelo Megane 1.5 con placas de matrícula 4370GLS, pola estrada que vai cara a fábrica de Ángel López Soto, municipio de Ribeira, cando, de súpeto, bateu cunha focha existente na calzada, o que lle ocasionou danos na roda dereita.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/11/2024 co número 202428239, D. Aitor Pouso Franco, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 271,65 €, mais os xuros que legalmente lle correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega unhas fotografías da roda danada e do lugar do accidente.

Posteriormente, e a requirimento desta Administración, mediante escrito rexistrado de entrada na data 27/02/2025 co número 202500004787, achega a seguinte documentación: permiso de circulación do vehículo; tarxeta de inspección técnica; parte de servizo número 13104 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira; informe pericial realizado na data 20/11/2024; factura da reparación dos danos emitida por "Atlantic Motor S.L.L."; certificado de titularidade de conta bancaria do reclamante; permiso de conducir; e DNI do Sr. Pouso Franco.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: parte de servizo número 13104 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira; informe emitido na data 18/06/2025 pola Policía local do Concello de Ribeira; documentación presentada polo reclamante mediante escrito rexistrado de entrada na data 23/06/2025 co número 202500015436; e informe emitido na data 31/10/2025 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos interesados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-



A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 04/12/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/12/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/12/2025 18:17:28



lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ser o titular do vehículo danado e ter asumido o custe de reparación dos danos do mesmo.**

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 31/10/2025: “El lugar del accidente es la vía de comunicación con la conservera López Soto, sita en el lugar de Couso, cuyo titular en el Ayuntamiento de Ribeira”. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, en concreto na súa roda dianteira dereita, como se desprende da factura de reparación dos danos e do informe pericial que o reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

1º) A Policía Local, no seu informe emitido na data 18/06/2025 da conta da existencia dunha focha na calzada na que tivo lugar o sinistro: **“(…) en la zona concreta donde ocurrió el golpe había un bache de dimensiones y profundidad considerable. (…) no había señal que advirtiese del mal estado de esa zona ni de la carretera en general. (…) hay un informe del día 14 de junio del 2024 en el mismo bache que también generó daños en otro vehículo”**

2º) No parte de servizo número 13104 realizado pola Policía Local na data do accidente, dispónse que: **“(…) Personados en el lugar se observan los daños en la llanta, aunque en principio en el neumático no se aprecia nada dañado es posible que tras el impacto se agrietara de alguna forma. (…) El bache se encuentra pasando la zona de parrillas cerca de la cuneta por eso el neumático afectado es el derecho (…).”**

A enxeñeira municipal no informe emitido na data 31/10/2025, dispón que non tivo coñecemento do accidente que dou lugar á reclamación presentada, e que descoñece o estado exacto da rúa o día no que se produciu aquel. Manifesta que na data 13/06/2025 procedeuse a inspeccionar o lugar do accidente, comprobando que a focha referida no informe policial está totalmente reparada, polo que non pode afirmar que aquela fora a causa do accidente ó descoñecer a súa entidade.



Na análise xurídica que é necesario efectuar sobre a existencia, ou non, de relación de causalidade entre os danos e lesións sufridos polo reclamante e o funcionamento normal ou anormal do servizo público viario, é preciso ter en conta dúas cuestións conexas:

- a) A existencia real da focha na estrada que vai cara a fábrica de López Soto.
- b) A imputabilidade das consecuencias do accidente, isto é, a relación ou conexión directa do defecto na calzada co funcionamento do servizo público municipal.

A este respecto, e logo de apreciar que o informe da enxeñeira non contén unha opinión definitiva sobre as posibles causas do accidente, compre ter en conta o informe emitido pola Policía local, tanto no que respecta á existencia do defecto na calzada, do que deixa constancia no parte de servizo realizado por mor do accidente, como da súa conexión co accidente sufrido polo Sr. Pouso Franco.

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Renault, modelo Megane 1.5, matrícula 4370GLS, propiedade de D. Aitor Pouso Franco.

Respecto ó **quantum indemnizatorio**, cómpre ter en conta a declaración realizada polo propio reclamante de que recibiu da súa compañía aseguradora a contía de 190,15 euros, polo que, a contía da indemnización finalmente solicitada, sería de 81,50 euros.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 01/12/2025, e **visto** o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 01/12/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Aitor Pouso Franco, na contía de 81,50 euros, máis os xuros que legalmente lle correspondan.

O abono da referida contía corresponderá o Concello de Ribeira ó non superar a contía de 150 euros, que é a franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas.

24.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ ANTONIO PIÑEIRO POUSO, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 5959DCY OCASIONADOS AO BATER CUNHA FOCHA NA CALZADA. EXPEDIENTE 2024 RESP000043.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. José Antonio Piñeiro Pouso** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 02 de outubro de 2024, D. José Antonio Piñeiro Pouso, con DNI número 33026216M, circulaba no vehículo da súa propiedade marca Audi A4, con placas de matrícula 5959DCY, pola rúa Miguel Rodríguez Bautista, municipio de Ribeira, cara ó



aparcadoiro da Praza do Centenario, cando, de súpeto, bateu cunha focha existente na calzada, o que lle ocasionou danos na roda traseira dereita.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 25/10/2024 co número 202400026578, D. José Antonio Piñeiro Pouso, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 157,94 €, mais os xuros que legalmente lle correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: permiso de circulación do vehículo; informe pericial realizado na data 14/10/2024; factura da reparación dos danos emitida na data 24/10/2024 por “*Talleres Royca – Car, S.L.*”; e copia do parte de servizo número 12473, realizado pola Policía local do Concello de Ribeira.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: parte de servizo número 12473 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira; informe emitido na data 11/07/2025 pola Policía local do Concello de Ribeira; e informe emitido na data 31/10/2025 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte da entidade Mapfre, como aseguradora do Concello de Ribeira, que en escrito de data 10/11/2025 dispón que debe entenderse acreditada a relación de causalidade entre a actividade administrativa e os danos reclamados.

Así mesmo, constan alegacións presentadas polo reclamante mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/11/2025 co número 2025 00027095, no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 04/12/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/12/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/12/2025 18:17:28



De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ser o titular do vehículo danado e ter asumido o custe de reparación dos danos do mesmo.**

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 31/10/2025: "El lugar del accidente es la calle Miguel Rodríguez Bautista, cuyo titular es el Ayuntamiento de Ribeira, por lo que la competencia para la conservación y mantenimiento de esta corresponde a esta administración local". A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 04/12/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/12/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/12/2025 18:17:28



Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, en concreto na súa roda traseira dereita, como se desprende da factura de reparación dos danos que o reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

1º) A Policía Local, no seu informe emitido na data 11/07/2025 da conta da existencia dunha focha na calzada na que tivo lugar o sinistro: ***“Efectivamente el día 2/10/2024 tenemos constancia de los daños sufridos en el vehículo 5959 DCY como consecuencia de un socavón en la vía Miguel R. Bautista. La vía que nos ocupa es de titularidad municipal. En el momento de los daños la vía estaba seca y presentaba un socavón compatible con los daños en la rueda delantera derecha. La velocidad máxima en dicha vía es de 30 y la calle en cuestión es un tramo recto de unos 400 metros. La iluminación en el momento que nos refiere era suficiente por la luz solar. No había paso alternativo ya que es una vía de doble carril con doble sentido de circulación. No se percibe ningún indicio en el que pueda apreciarse una conducción negligente en el conductor. No existía en la zona señalización vertical u horizontal que advirtiera del estado defectuoso de la vía. No se tiene conocimiento de reclamaciones o quejas de otros usuarios por el estado de la vía.”***

2º) No parte de servizo número 12473 realizado pola Policía Local na data do accidente, dispónse que: ***“(…) Los agentes comprueban que hay un bache (…) que pudo provocar los daños descritos por el conductor (A), pero que en el momento de nuestra llegada no se pueden observar los daños al estar presuntamente por la cara interna de la rueda, y los neumáticos aún tenían aire en los mismos”***

A enxeñeira municipal no informe emitido na data 31/10/2025, dispón que non tivo coñecemento do accidente que dou lugar á reclamación presentada, e que descoñece o estado exacto da rúa o día no que se produciu aquel. Manifesta que na data 26/09/2025 procedeuse a inspeccionar o lugar do accidente, comprobando que a focha referida no informe policial está totalmente reparada, polo que non pode afirmar que aquela fora a causa do accidente ó descoñecer a súa entidade.

Na análise xurídica que é necesario efectuar sobre a existencia, ou non, de relación de causalidade entre os danos e lesións sufridos pola reclamante e o funcionamento normal ou anormal do servizo público viario, é preciso ter en conta dúas cuestións conexas:

- A existencia real da focha na calzada da Rúa Miguel Rodríguez Bautista.
- A imputabilidade das consecuencias do accidente, isto é, a relación ou conexión directa do defecto na calzada co funcionamento do servizo público municipal.

A este respecto, e logo de apreciar que o informe da enxeñeira non contén unha opinión definitiva sobre as posibles causas do accidente, compre ter en conta o informe emitido pola Policía local, tanto no que respecta á existencia do defecto na calzada, do que deixa constancia no parte de servizo realizado por mor do accidente, como da súa conexión



co accidente sufrido polo Sr. Piñeiro Pouso, xa que no informe realizado na instrución do expediente pon de manifesto que a focha existente é compatible cos danos reclamados.

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Audi A4, matrícula 5959DCY, propiedade de D. José Antonio Piñeiro Pouso.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/11/2025, e **visto** o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 01/12/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José Antonio Piñeiro Pouso, na contía de 157,94 euros, máis os xuros que legalmente lle correspondan.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Ribeira abonará 150 euros ó reclamante, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 7,94 €, máis os xuros que legalmente lle correspondan.

25.- VAO PERMANENTE – Colexio Sagrado Corazón (Castiñeiras)

Visto o escrito presentado por V. Pilar Paredero Rodríguez en representación do **Colexio Sagrado Corazón (Castiñeiras)**, de data 24/11/2025 (Rexistro de entrada nº 28.114), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao recinto escolar do inmovible situado na Rúa Fontenova, nº 4 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/11/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Conceder a Colexio Sagrado Corazón (Castiñeiras)**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.) para instalar na entrada ao recinto escolar do inmovible situado na Rúa Fontenova, nº 4 (Castiñeiras), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela da entrada ao garaxe, según o sinalado no citado informe policial.
- Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



26.- SOLICITUDE DE REPOSICIÓN ESPELLO VIAL E REGULACIÓN DE PRIORIDADE DE PASO - Juana Rivas Crugeiras

Visto o escrito presentado por **Juana Rivas Crugeiras**, de data 26/11/2025 (Rexistro de entrada nº 28.369), no que solicita a instalación dun espello na confluencia da rúa dos Curros con Alto do Rial (Castiñeiras), para mellorar a seguridade da circulación.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 27/11/2025, no que sinala:

"En relación con el asunto citado en la referencia a tenor de expediente originado a instancia de parte mediante solicitud de Juana María Rivas Crugeiras, informo lo siguiente:

1.- Realizada la inspección ocular, efectivamente resulta necesario reponer el espejo vial que en esa ubicación aportaba la visibilidad necesaria para la incorporación de los vehículos procedentes de la rúa Nova, ya que la falta de ese elemento facilitador, supone un serio aumento del riesgo de accidentes a la vista de la nula visibilidad para la realización de la maniobra con la seguridad vial debida.

2.- Paralelamente se observa la necesidad de señalar verticalmente la prioridad de paso en la intersección en cuestión, en la que la norma general, no resulta adecuada para el mantenimiento de la seguridad vial a la vista del hecho de la concurrencia de un cambio de tipología del material del firme de la vía en la confluencia de ambas calles, lo cual influye negativamente en la percepción de la prioridad por parte de los usuarios de la vía."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Autorizar a reposición do espello vial na intersección da rúa Curros e a rúa Nova (Castiñeiras).
- 2.- Autorizar a instalación dunha sinal vertical R-1 de ceda o paso establecendo como prioritaria a rúa Curros.
- 3.- Autorizar o pintado de sinalización horizontal mediante marca branca de liña lonxitudinal discontinua complementaria á sinal vertical mencionada.

27.- SOLICITUDE DE PINTADO DE LIÑA AMARELA EN AVENIDA ROSALÍA DE CASTRO (RIBEIRA) – Comunidade de Garaxes Edif. Avda. Rosalía de Castro, 28

Visto o escrito presentado por Emilio Picanes Mosquera en representación da Asesoría Benny García & Asociados, S.L., e á súa vez, en representación da **Comunidade de Garaxes Edif. Avda. Rosalía de Castro, 28**, de data 26/11/2025 (Rexistro de entrada nº 28.421), no que solicita o pintado de liña lonxitudinal continua para reforzo de praca de sinal de vao permanente.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 27/11/2025, no que sinala:

"(...)

1.- Realizada la inspección ocular, no resulta necesario el refuerzo de la placa de vado colocada en el portal de acceso al garaje sito en la rúa Rosalía de Castro nº 28, ya que se encuentra una calle de tránsito peatonal debidamente señalizada, en la que por definición está prohibido el estacionamiento como norma general.

2.- Es criterio de esta administración el de no redundar en la señalización o sobreseñalizar en las vías de tránsito peatonal en las que su firme sea empedrado o hormigonado y en cualquier caso diferente al aglomerado asfáltico típico de las vías destinadas a la circulación rodada.

3.- Es de interés que contrariamente al criterio general antes expuesto, en el nº 23 de la calle Rosalía de Castro de tránsito peatonal, se halla una línea amarilla longitudinal continua de refuerzo de placa



de vado permanente.
(...)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Non autorizar o pintado da liña amarela lonxitudinal continua de reforzo da praca de vao permanente ao encontrarse a entrada do garaxe nunha vía de tránsito peonil na que, como norma xeral, está prohibido o estacionamento.
- 2.- Autorizar o borrado da liña amarela pintada na Rúa Rosalía de Castro, nº 23, co propósito de non consolidar agravios comparativos que afecten ao criterio mantido por esta administración.

28.- SOLICITUDE DE HABILITACIÓN DE RESERVA DE ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA – Mario Manuel Ríos Ponte

Visto o escrito presentado por Cristina Riveiro González en representación da **Mario Manuel Ríos Ponte**, de data 18/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.588), no que solicita a habilitación dunha reserva de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida o máis próximo posible ao nº 12 B da Rúa Carroucha (Ribeira).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 28/11/2025, no que sinala:

“

1. *Viabilidad de la ampliación:*
 - *Realizada la correspondiente inspección ocular, se constata que la zona carece de una reserva de estacionamiento para personas con movilidad reducida. De acuerdo con lo establecido en el artículo 5 del Real Decreto 1056/2014, de 12 de diciembre, por el por el que se regulan las condiciones básicas de emisión y uso de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad, “se deberá disponer de una reserva para personas con movilidad reducida por cada 40 plazas de estacionamiento”.*
2. *Características de la solicitud:*
 - *Se identifica punto de emplazamiento óptimo atendiendo a criterios de accesibilidad universal: proximidad a itinerario peatonal accesible, mínima interferencia con el flujo vehicular y condiciones adecuadas de aproximación y transferencia. Se incorpora fotografía de referencia (inmediatamente antes del vado permanente).*
3. *Recomendaciones técnicas:*
 - *En términos generales la tarjeta de movilidad reducida debe colocarse siempre de forma visible desde el exterior del vehículo, normalmente en el salpicadero. Esto permite a los agentes verificar su validez y evitar sanciones. Además:*
 - *Solo puede usarse cuando la persona titular de la tarjeta está siendo transportada o va a utilizar el vehículo.*
 - *No es válida si la persona autorizada no está presente.*
 - *Debe mostrarse únicamente durante el tiempo en que se esté haciendo uso del derecho (estacionar en plazas reservadas)*

CONCLUSIÓN:

No se detectan condicionantes operativos que impidan la implantación de la reserva. La señalización deberá ejecutarse conforme a normativa: señal vertical S-17 y pintada horizontal con Símbolo Internacional de Accesibilidad.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a habilitación dunha reserva de estacionamento de vehículos para persoas con



movilidade reducida o máis próximo posible ao nº 12 B da Rúa Carroucha (Ribeira), debendo instalarse a correspondente sinal vertical S-17 e pintada horizontal co símbolo internacional de accesibilidade, segundo o sinalado no citado informe policial.

29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA AMPLIACIÓN EXTRAORDINARIA DO HORARIO DE APERTURA DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Victoriano Redondo Toucedo (BALDOMERO)

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Victoriano Redondo Toucedo** en representación establecemento “**Bar Baldomero**” (Palmeira), de data 28/11/2025 (Registro de entrada nº 28.611), no que solicita autorización para a ampliación extraordinaria do horario de apertura do establecemento hostaleiro “**Bar Baldomero**” (Palmeira), o día 01/01/2026, en horario de 00:00 h. a 06:00 h., co motivo da celebración do inicio do ano 2026.

30.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, de data 26/11/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira para a Campaña de Nadal 2024-2025.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 01/12/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira para a Campaña de Nadal 2024-2025, por importe de 5.000,00 €.

31.- ACHEGA CONCEDIDA AO CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIBEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Técnico de Deportes, Javier Sampedro Sampedro, de data 27/11/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club Náutico Deportivo de Ribeira para a promoción do deporte, en especial dos deportes náuticos.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 01/12/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club Náutico Deportivo de Ribeira para a promoción do deporte, en especial dos deportes náuticos, por importe de 3.500,00 €.

32.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DA PISCINA “MARÍA VILAS” DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA A “MARÍA VILAS VIDAL”, PARA A CELEBRACIÓN DUN CLINIC DE NATACIÓN DIRIXIDO A DEPORTISTAS

LOGO DE VER que Dña. María Vilas Vidal, presenta escrito de data 27/11/2025, con número de rexistro de entrada municipal 28.543, solicitando:

“COMO RESPONSABLE DEL PROYECTO DEPORTIVO “NADACONMARÍA”, EXPONGO: QUE EL DÍA SÁBADO 20 DE DICIEMBRE DE 2025 TENGO PREVISTO REALIZAR UN CLINIC DE NATACIÓN DIRIGIDO A DEPORTISTAS Y USUARIOS LOCALES, CON EL OBJETIVO DE FOMENTAR EL DEPORTE, MEJORAR LA TÉCNICA DE NADO Y PROMOVER LA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES ACUÁTICAS EN EL MUNICIPIO.

POR ELLO, SOLICITO:

LA CESIÓN DE DOS CALLES DE LA PISCINA MUNICIPAL DE RIBEIRA, EN HORARIO DE 10:00 A 13:00 H (O EL QUE EL CONCELLO CONSIDERE DISPONIBLE).

LA CESIÓN DE UNA SALA EN EL POLIDEPORTIVO DA FIEITEIRA PARA LA PARTE TEÓRICA, EN HORARIO DE 9:00 A 10:00 H.

COMO BENEFICIO PARA LA COMUNIDAD, ME COMPROMETO A OFRECER UNA PLAZA GRATUITA PARA EL CLUB NATACIÓN RIBEIRA.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. A piscina municipal “María Vilas”, non ten actividade programada para a data solicitada (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).
4. En caso de acceder ao solicitado, implicaría ter que pechar 2 rúas da piscina municipal ao público durante o período de cesión (de 10.00 h a 13.00 h.).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 01-12-25, e a proposta do concelleiro de deportes, de data 02-12-25, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar o uso da piscina municipal “María Vilas” a María Vilas Vidal, para a celebración dun “Clinic de Natación” dirixido a deportistas, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.



- A autorización de uso das instalacións da piscina municipal será só para o **sábado 20 de decembro de 2025, de 9.00 h. a 10.00 h.** (a sala de pilates para impartir a parte teórica) **e de 10.00 h. a 13.00 h.** (2 rúas da piscina para impartir a parte práctica).
- A solicitante deberá comprometerse a deixar de forma gratuita, unha praza para algún deportista do Club Natación Ribeira.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

33.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento **“O da Rubia”** (Ribeira), de data 02/12/2025 (Rexistro de entrada nº 28.950), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“O da Rubia”** (Ribeira), o día 06/12/2025, en horario de 21:00 h. a 01:30 h.

34.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE MESA INFORMATIVA – Partido político VOX

Visto o escrito presentado por Javier Sánchez Fernández en representación do **partido político VOX**, de data 01/12/2025 (Rexistro de entrada nº 28.699), no que solicita autorización para a instalación dunha mesa informativa o día 13/12/2025, en horario de 12:00 h. a 14:00 h., na Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Informar ao interesado que por parte deste concello no existe inconveniente, sen embargo, non é posible conceder autorización para a instalación dunha mesa



informativa o día 13/12/2025, en horario de 12:00 h. a 14:00 h., na Avenida do Malecón (Ribeira), debido a que na ubicación onde se pretende instalar a mesa informativa este concello non ten competencia para conceder tal autorización, xa que a mesma recae na entidade Portos de Galicia, polo que deberá solicitar o permiso para tal instalación á dita entidade.

- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

35.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE EN INTERIOR E TERRAZAS DE ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS – Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas, Hostalaría.gal

Visto o escrito presentado por Lois Alberte López García en representación da **Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas, Hostalaría.gal**, de data 02/12/2025 (Rexistro de entrada nº 28.983), no que solicita a ampliación de 1 hora (unha hora) adicional sobre o horario de peche para interior e terrazas dos establecementos hostaleiros do Concello de Ribeira os venres, sábados e vésperas de festivos, entre o 05/12/2025 e o 05/01/2026:

- 05, 06 e 07/12/2025
- 12 e 13/12/2025
- 19 e 20/12/2025
- 24, 27 e 28/12/2025
- 31/12/2025
- 02 e 03/01/2026
- 05/01/2026

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1) **Autorizar**, de xeito extraordinario, a ampliación de 1 hora (unha hora) adicional sobre o horario de peche para interior e terrazas dos establecementos hostaleiros do Concello de Ribeira os venres, sábados e vésperas de festivos, entre o 05/12/2025 e o 05/01/2026:
 - 05, 06 e 07/12/2025
 - 12 e 13/12/2025
 - 19 e 20/12/2025
 - 24, 27 e 28/12/2025
 - 31/12/2025
 - 02 e 03/01/2026
 - 05/01/2026
- 2) Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento



36.- CONCESIÓN DE TERREOS MUNICIPALES I.T.S. – DEVOLUCIÓN DE FIANZA – Roberto Sieira González

ASUNTO:	DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL
SOLICITANTE:	ROBERTO SIEIRA GONZÁLEZ (**850**)

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada en data 13 de abril de 2022, aprobou o acordo de adxudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2022, 2023, 2024 e 2025, nas condicións sinaladas no prego reitor do procedemento e coas obrigas específicas recollidas no artigo 10 do prego:

ADXUDICATARIO/A	POSTO	PREZO OFERTADO
Verónica Elena Nogueira Carrera	Corna	2.100,00 euros/tempada
Roberto Sieira González	Ameixida	1.802,00 euros/tempada
Grupo Bacoga Galicia, S.L.	Coroso 2	1.666,71 euros/tempada
Pablo Pérez Escariz	Coroso 1	1.569,00 euros/tempada
Dino René Vivanco Vilches	Mosqueiros	1.082,61 euros/tempada

Roberto Sieira González presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 30 de outubro de 2025 (entrada núm. 26.048), mediante o que solicita a devolución da fianza de 1.000,00 € que depositou ante o Concello de Ribeira ao comezo do período de adxudicación.

Advertido que a solicitude non incorporaba a documentación prevista no artigo 10.1 do “PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CINCO POSTOS PARA INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2022, 2023, 2024 E 2025”, mediante escrito de Alcaldía de data 4 de novembro de 2025 (saída núm. 10.286) requiríuse a emenda documental da solicitude.

Roberto Sieira González (**850**) presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 18 de novembro de 2025 (entrada núm. 27.701), mediante o que achegou certificado de titularidade da conta a efectos de devolución da fianza.

Informe favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 19 de novembro de 2025, a raíz de visita de comprobación efectuada ao lugar de localización da instalación denominada “posto Ameixida”, favorable.

Informe de fiscalización previa e limitada emitido polo Interventor do Concello de Ribeira ao respecto da solicitude de devolución, de data 25 de novembro de 2025, favorable.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 10 do “PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE CINCO POSTOS PARA INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2022,



2023, 2024 E 2025”, reitor do procedemento, ao respecto das obrigas dos adxudicatarios, o seguinte: “10º.- *Obrigas dos adxudicatarios.*

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) Económicas:

a) Pago do canon de adxudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de dez (10) días dende que adquira firmeza a adxudicación do posto.

b) Prestar unha fianza por importe de 250 € por cada tempada, importe total 1.000 €, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. Para os efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito, e poderá solicitar a devolución da parte proporcional que corresponda ao final de cada tempada, ou ben ao finalizar o prazo de autorización (á finalización da tempada de verán 2025). Xunto coa solicitude de devolución deberá achegar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir. (...)

9) Horarios de apertura e peche:

As instalacións temporais deberán permanecer abertas ao público de xeito que presten o servizo para o cal foron autorizadas. Nos meses de xullo e agosto non poderán permanecer pechadas máis de tres (3) días consecutivos, podendo implicar esta falla de utilización do permiso, a caducidade do título, sen prexuízo da incautación da fianza por incumprimento. Queda fixado tamén un horario mínimo diario de apertura de oito (8) horas, aplicable durante todos os días da semana. A hora de peche non poderá ir máis aló das 23 horas. (...)

Consta no expediente que Roberto Sieira González (***850***), adxudicatario do posto denominado “Ameixida”, presentou no Concello de Ribeira unha fianza en metálico por un importe de 1.000 € segundo Carta de Pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data do 4 de abril de 2022, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias.

3. RESOLUCIÓN

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de medio Ambiente, Ignacio L. Fernández veiga, de data 03/12/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Aprobar a devolución da fianza correspondente ás anualidades 2022, 2023 e 2024, por un importe total de 750,00 €, da garantía definitiva depositada en metálico no Concello de Ribeira por Roberto Sieira González. Non procede a devolución da fianza correspondente á anualidade 2025 debido ao incumprimento da obriga recollida na cláusula 10.9 do Prego que rexe o procedemento.



37.- ACORDO DE INICIO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR EXPEDIENTE NÚM.: 20250289AMCO. VULNERACIÓN DA NORMATIVA DE SANIDADE AMBIENTAL

ASUNTO:	ACORDO DE INICIO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR POR ACTA-DENUNCIA NÚM. C440957 DO SERVIZO DE INSPECCIÓN FARMACÉUTICA DE NOIA DE DATA 30 DE MAIO DE 2025
FORMA DE INICIO:	OFICIO
EXP. CONSELLERÍA:	20250289AMCO
EXP. CONCELLO:	2025/AUGA000067

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Acordo de inicio de expediente sancionador contra o Concello de Ribeira, de data 5 de novembro de 2025, con motivo da presunta vulneración da normativa vixente en materia de sanidade ambiental.

2. NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade*
- *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración* (BOE núm. 9, do 11 de xaneiro de 2023).

3. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 4 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse ás responsabilidades e competencias, o seguinte: “1. Cando a xestión da subministración da auga de consumo sexa directa, a administración local deberá realizar sen prexuízo das que lle corresponden á autoridade sanitaria:

(...) e) A garantía que a calidade da auga de consumo na rede de distribución até o punto de entrega da instalación interior, cumpra co disposto no anexo I. (...)”

Establece o artigo 6 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse á cualificación sanitaria das mostras de auga de consumo, o seguinte: “1. As mostras de auga de consumo, poderanse cualificar como:

- a) *Apta para o consumo: cando non conteña ningún tipo de microorganismo, parásito ou substancia nunha cantidade ou concentración que poida supor un risco para a saúde humana e cumpra cos valores paramétricos especificados nas partes A e B do anexo I e non superen os valores de aptitude que se indican nas notas da Táboa 3 da parte C do anexo I ou cos valores paramétricos excepciónados pola autoridade sanitaria determinados nel;*
- b) *Non apta para o consumo: cando non cumpra cos requisitos do parágrafo a) ou cando se detecten ou superen os valores de referencia dos parámetros da Lista de observación. A autoridade sanitaria valorará nestes casos o risco para a saúde dando as recomendacións sanitarias oportunas á poboación, ao municipio e ao operador.”*

Establece o artigo 12 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse ao obxecto de control e vixilancia, o seguinte: “1. En termos xerais, en cada zona de abastecemento controlaranse os parámetros fixados no anexo I e anexo IV e segundo o disposto nos anexos II, III e VI. (...)”



Establece o artigo 14 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse ao Protocolo de Autocontrol, o seguinte: “1. O operador responsable da zona de abastecemento ou parte desta, deberá actualizar o Protocolo de Autocontrol do abastecemento e en concordancia co Programa de Vixilancia Sanitaria da auga de Consumo, elaborado pola autoridade sanitaria para o seu territorio, segundo sinala o artigo 17. (...)”

3. O Protocolo actualizado deberá contemplar, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Esquema e descrición da zona de abastecemento e das infraestruturas que xestione o operador;
- b) Programa de mostraxe;
- c) Programa de mantemento e limpeza das instalacións;
- d) No caso de redes de distribución, Programa de detección e medidas ante fugas estruturais de auga de consumo;
- e) Provedores dos produtos utilizados para a potabilización da auga e limpeza das instalacións;
- f) Procedementos de notificación de incumprimentos e información aos usuarios;
- g) Procedementos de xestión de incidencias;
- h) Plan de formación;
- i) Subministración alternativa a utilizar en caso de emerxencia, alternativo ou excepcional;
- j) Acreditacións dos laboratorios propios ou contratados;
- k) Data de actualización do Protocolo.

4. O Protocolo deberá estar ao dispor da autoridade sanitaria en formato electrónico e actualizarse de forma anual ou cando existan cambios substanciais no abastecemento. (...)”

Establece o artigo 44 do *Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro*, ao referirse aos Materiais que entren en contacto coa auga de consumo, o seguinte: “1. Os materiais destinados á súa utilización en instalacións novas ou, en caso de obras de reparación ou reconstrución, en instalacións existentes para a captación, o tratamento, o almacenamento ou a distribución de augas de consumo e que entren en contacto con esas augas, non deberán empeorar a calidade da auga nin transmitir ao auga substancias, xermes ou propiedades prexudiciais para a saúde, ou que poidan prexudicar que a auga cumpra cos parámetros do anexo I. Para iso, deberán cumprir os seguintes requisitos hixiénicos básicos:

- a) Non poñerán en perigo, directa nin indirectamente, a protección da saúde humana;
 - b) Non afectarán negativamente a cor, o cheiro ou o sabor da auga;
 - c) Non favorecerán a proliferación microbiana;
 - d) Non migrarán contaminantes á auga de consumo en niveis superiores ao necesario para o fin previsto do devandito material ou que empeoren a calidade da auga e en ningún caso superarán os valores paramétricos do anexo I.
2. As instalacións ás que fai referencia o apartado 1 inclúen ás infraestruturas que estean situadas desde a toma de captación ata a billa do usuario, así como calquera outra infraestrutura equivalente a estas.
3. Os materiais aos que fai referencia o apartado 1 inclúen aos presentes nos produtos utilizados na construción e naqueloutros produtos instalados nas citadas infraestruturas, e que entren en contacto coas augas de consumo.
4. Para dar cumprimento aos requisitos do apartado 1, atenderase ao disposto pola Comisión Europea nos actos de execución aplicables a estes materiais e produtos, nos que se establezan:
- a) Os requisitos mínimos específicos de hixiene por medio de listas positivas europeas de substancias de partida, composicións ou compoñentes, cuxa utilización estea autorizada na fabricación de materiais ou produtos en contacto con auga, incluíndo, cando cumpra, as condicións de utilización e os límites de migración;



b) As metodoloxías para ensaiar e aceptar substancias de partida, composicións e compoñentes que vaian incluírse nas listas positivas europeas, así como os procedementos e métodos para ensaiar e aceptar os materiais finais utilizados. Os principios para establecer estas metodoloxías e listas positivas recóllense no anexo IX;

c) Os procedementos de avaliación da conformidade dos produtos e o seu marcado.

(...)

6. Os operadores e empresas construtoras só poderán utilizar para as instalacións referidas aqueles materiais e produtos que cumpran co disposto no presente artigo, para o que deberán verificar previamente ao seu uso ou instalación que devanditos materiais ou produtos cumpren cos requisitos aplicables. (...)"

Establece o artigo 59 do Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro, ao referirse ao Plan Sanitario de Auga, o seguinte: "1. A avaliación e xestión do risco nunha zona de abastecemento ou nun edificio prioritario realízase a través dun PSA, que garantirá sistematicamente que a auga sexa salubre e limpa, aceptable polos usuarios e que o servizo sexa continuo, con cantidade e presión suficiente.

O PSA é unha metodoloxía cunha formulación integral de avaliación e xestión dos riscos que abarca todas as etapas do abastecemento, desde a toma de captación, potabilización, almacenamento e distribución ata o punto de cumprimento e as instalacións interiores, segundo o disposto no artigo 50. (...)"

Establece o artigo 60 do Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro, ao referirse ao Plan Sanitario da auga nas zonas de abastecemento, o seguinte: "1. O PSA nas zonas de abastecemento sempre se deberá basear nos resultados e experiencia do Protocolo que o operador ou operadores implantasen durante os anos anteriores. Unha vez redactado e implantado o PSA, o Protocolo pasará a ser un anexo do PSA.

2. Os operadores das zonas de abastecemento deberán elaborar o PSA antes da data que sinala a disposición adicional novena. En calquera caso, mentres o operador non teña o PSA implantado, deberá seguir co seu Protocolo actualizado. (...)"

Establece o artigo 62 do Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro, ao referirse ao Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo (SINAC), o seguinte: "(...) 2. O uso da aplicación do SINAC a través de Internet, é obrigatorio para:

a) Toda entidade pública ou privada ou persoa xurídica que xestione zona de abastecemento tipo 2, tipo 3, tipo 4, tipo 5 e tipo 6, ou as súas infraestruturas ou que controle a calidade da auga de consumo ou realice os controis sinalados nos artigos 13 e 56; (...)

3. No caso de zona de abastecemento tipo 0 e tipo 1, poderán usar o SINAC de forma voluntaria salvo que a autoridade sanitaria o considera obrigatorio.

4. Deberán cumprimentarse todos os datos que aparecen en cada un dos formularios que compoñen a aplicación. Os operadores, o municipio, os laboratorios, a autoridade sanitaria e a administración hidráulica serán os responsables da actualización e veracidade dos seus datos cargados en SINAC."

Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U. (anteriormente Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, S.A.) é a concesionaria dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, contrato asinado en data 30 de xullo de 2010.

Establece a cláusula 23 do PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS, QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS, DA CONCESIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E



SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIBEIRA, aprobado por acordo do Pleno de data 28 de setembro de 2009, ao referirse ás obrigas do concesionario, o seguinte: “(...) **I) Cumprir as obrigacións dimanantes das disposicións legais que sexan de aplicación á calidade bacteriolóxica do auga e en particular as obrigacións que impoña o R.D. 140/2003, sobre criterios sanitarios do auga de consumo humano, ao concesionario.**

(...)

n) Realizar as limpeza e demais labores de mantemento das instalacións do servizo conforme á súa oferta. (...)”

4. FEITOS QUE MOTIVAN A INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO E CUALIFICACIÓN DA INFRACCIÓN

Tendo en conta a complexidade técnica dos feitos que motivan a incoación do procedemento sancionador e a súa gradación, teño a ben expresar nas seguintes táboas a análise dos mesmos e apreciar as responsabilidades directas do Concello e da Concesionaria:

4.1. INFRACCIÓN GRAVE:

Núm.	Deficiencias graves:	Observacións:	Responsable:	% do total
1	3. A captación dos mananciais de Palmeira I e II que abastecen ao depósito de cabeceira de Ventín-Palmeira, carecen de filtración por area ou outro medio filtrante apropiado antes da súa distribución.	---	Concello	~14,29
2	4. A captación do río Sieira que abastece ao depósito de cabeceira de Xarás, carece de filtración por area ou outro medio filtrante apropiado antes da súa distribución. [...]	---	Concello	~14,29
3	6. Non presentan rexistros de limpeza do depósito de cabeceira de Ventín-Palmeira (non consta ter realizado a limpeza desta infraestrutura nos últimos 25 anos).	A limpeza do depósito puido levarse a cabo.	Concesionaria	~14,29
4	7. O depósito de Xarás non se limpou coa frecuencia anual que establece o operador no seu PAX (última limpeza rexistrada no SINAC do 04/12/2021)	A concesionaria alega que no ano 2022 presentou un informe advertindo que o estado actual da infraestrutura non permite a súa limpeza en condicións de seguridade.	Concello	~14,29
5	8. Non dispoñen dun sistema (contador) para coñecer o dato da auga captada, tanto a do Río Sieira como a dos mananciais de Palmeira I e II.”	Existe contador no río Sieira	Concello	~14,29
6	9. Respecto do SINAC: 9.1 No control de rutina semanal non figuran os parámetros color, olor e sabor.	---	Concesionaria	~14,29



	9.2. O control operacional da turbidez á saída do depósito de cabeceira de Xarás non se realiza diariamente. 9.3. Nas analíticas de control do depósito de cabeceira de Ventín-Palmeira do 06/03/2023 e do 10/03/2025 cargadas no SINAC, non figura o parámetro <i>Clostridium perfringens</i>. 9.4. Non está cargada 1 analítica de control do depósito de distribución de San Alberto do ano 2023. 9.5. Non figura a analítica de colifagos que deberían facer no depósito de cabeceira de Xarás, trala detección de colifagos > 50 UFC/100 ml na captación de Xarás o 01/10/2024 (resultado 570 UF/100 ml). 9.6. Non está cargada no SINAC a análise de confirmación/peche incidencia, respecto do parámetro aluminio, que cualifica a auga como non apta na analítica completa do D.D: San Alberto do 05/02/2025. (Presentan confirmación do 13/02/2025 con resultado 230 µg/l). 9.7. Non se deixou constancia no SINAC dos boletíns analíticos realizados polo operador, en relación aos incumprimentos paramétricos detectados polos servizos de inspección, nas mostras recollidas o 7/10/2024 e o 11/03/2025 e comunicadas polo Departamento Territorial os días 15 e 22 de outubro de 2024 e 17 de marzo de 2025.			
7	10. Respecto ao control analítico: 10.1. Nas analíticas do depósito de cabeceira de Ventín-Palmeira do 06/03/2025 e do 10/03/2025 non figura a determinación do parámetro <i>Clostridium perfringens</i> (incluídas as esporas). 10.2. Non presentan a analítica de colifagos a realizar no depósito de cabeceira de Xarás tralo resultado de 570 UFC/100 ml de colifagos detectados na captación de Río Sieira o 01/10/2024. 10.3. Non presentan analítica de peche da incidencia no parámetro aluminio detectado na analítica completa do DD San Alberto do 05/02/2025 (confirmación de superación do valor paramétrico do 13/02/2025 Resultado	---	Concesionaria	~14,29



	= 230 g/l).			
--	-------------	--	--	--

Polo tanto, tendo en conta as responsabilidades do Concello e da Concesionaria para o caso das deficiencias graves, a contía da sanción proposta (3.200 €) repartiríase do seguinte xeito:

Importe da sanción proposta:	3.200,00 €
Responsabilidade Concello:	57,14 %
Responsabilidade Concesionaria:	42,86 %
Importe a pagar polo Concello:	1.828,48 €
Importe a pagar pola Concesionaria:	1.371,52 €
Importe a pagar polo Concello recoñecendo as dúas opcións de redución (60%):	1.097,09 €
Importe a pagar polo Concello recoñecendo as dúas opcións de redución (60%):	822,91 €

4.2. INFRACCIÓN LEVE:

Núm.	Deficiencias leves:	Observacións:	Responsable:	% do total
1	1. Non teñen documentado o Plan Sanitario de Auga da zona de abastecemento.	---	Concesionaria	~33,33
2	2. No Protocolo de Autocontrol e Xestión do Abastecemento (PAX) non se recollen os seguintes aspectos, ou a información que figuran neles non é específica ou é incompleta: 2.1. Na descrición das infraestruturas, a función do depósito de Ventín non é de distribución senón de cabeceira. 2.2. O volume de auga distribuída na rede de Palmeira non está actualizada e non coincide co dato que aparece no SINAC. 2.3. Os depósitos de cabeceira de Ventín-Palmeira e de Xarás non dispoñen de contador á entrada como si figura no PAX. 2.4. No programa de mantemento non se inclúen as captacións, as redes de distribución e os equipos de medición "in situ" utilizados no autocontrol. 2.5. Non recolle, no caso das redes de distribución, o programa de detección da auga e na limpeza das instalacións. 2.6. Non se recollen os provedores dos produtos utilizados na desinfección da auga e na limpeza das instalacións. 2.7. O procedemento de notificación de incumprimentos e información aos usuarios non é específico do abastecemento. 2.8. Non teñen contemplado no PAX un subministro alternativo ou excepcional a utilizar en caso de emerxencia nesta zona de abastecemento. 2.9. Non figura a data de actualización do protocolo.	---	Concesionaria	~33,33
3	5. Non dispoñen de certificado conforme, os tramos da rede de distribución con amianto (3,4	---	Concello	~33,33



	km na rede de Xarás, 0,9 km na de Palmeira e 9,5 km na rede de San Alberto), aínda non chegaron ao final da súa vida útil			
--	---	--	--	--

Polo tanto, tendo en conta as responsabilidades do Concello e da Concesionaria para o caso das deficiencias leves, a contía da sanción proposta (300 €) repartiríase do seguinte xeito:

Importe da sanción proposta:	300,00 €
Responsabilidade Concello:	~33,34 %
Responsabilidade Concesionaria:	~66,66 %
Importe a pagar polo Concello:	100,02 €
Importe a pagar pola Concesionaria:	199,98 €
Importe a pagar polo Concello recoñecendo as dúas opcións de redución (60%):	60,01 €
Importe a pagar polo Concello recoñecendo as dúas opcións de redución (60%):	119,99 €

5. RESOLUCIÓN

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de medio Ambiente, de data 03/12/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

- **Que o Concello de Ribeira**, en calidade de titular do servizo de subministración de auga, que presta de forma indirecta mediante a modalidade de concesión, de conformidade co previsto no artigo 85 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, **recoñece a responsabilidade no procedemento sancionador incoado pola Consellería de Sanidade e que se proceda ao pago voluntario da sanción que, coas reducións previstas, quedaría en 2.100,00 € (1.920,00 € correspondente ás infraccións tipificadas coma graves, e 180,00 € correspondente ás infraccións tipificadas coma leves).**

- **Que se repercute á empresa concesionaria do servizo de abastecemento a contía da sanción que lle corresponde en base ás deficiencias graves e leves sinaladas no epígrafe 4 desta resolución.**

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

